



ANEXO: BASES DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE ALOXAMENTO TRANSITORIO DE DÚAS VIVENDAS MUNICIPAIS ADAPTADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA PERMANENTE.

1.- Obxecto do procedemento

1.1.- O obxecto do procedemento é o aloxamento transitorio de familias ou unidades convivenciais viguesas nas que algún membro teña a condición de persoa con mobilidade reducida (PMR), recentemente desafiuzadas ou que se atopen incursas nun procedemento de desafiuzamento da súa vivenda habitual, derivado da imposibilidade de afrontar o pagamento das cotas do préstamo hipotecario, renda arrendaticia ou cantidades asimiladas, por falta de recursos.

1.2.- O réxime de ocupación das vivendas municipais será o comodato ou préstamo de uso, negocio xurídico gratuíto contemplado nos arts. 1740 a 1752 do Código Civil, polo que os realoxados terán que pagar unicamente os gastos ordinarios necesarios para o uso e conservación do ben entregado; isto é, a cota ordinaria da comunidade de propietarios, e os gastos polo consumos e subministracións con que conte a vivenda, así como os contratados directamente polos comodatarios.

1.3.- As vivendas destinadas a este procedemento son vivendas de promoción pública de titularidade municipal adaptadas a persoas con mobilidade reducida, sitas no portal 1 da rúa Teixugueiras, 17, xunto cos seus anexos vinculados (rocho e garaxe):

| ANDAR | VIVENDA | DORM. | SUP. ÚTIL | GARAXE | ROCHO | SOTO |
|-------|---------|-------|-----------|--------|-------|------|
| 4ª | B | 3PMR | 87,68 | 53 | 2 | 2º |
| 6ª | B | 3PMR | 87,68 | 5 | 5 | 2º |

2.- Persoas, familias ou unidades convivenciais beneficiarias

2.1.- O presente procedemento está destinado a persoas, familias ou unidades convivenciais nas que algúns dos seus membros teña recoñecida pola autoridade competente a condición de PMR de carácter permanente, por causa física e que esixa para o seu desprazamento a utilización de medios mecánicos, consonte o Real decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, modificado polo Real decreto 1856/2009, de 4 de decembro.

2.2.- Entenderase como unidade convivencial aos efectos do presente procedemento as persoas que convivan xuntas con vocación de permanencia.

No caso da inexistencia de vínculos familiares, maritais, ou da inscrición da parella no rexistro autonómico ou municipal de parellas de feito, considerarase que existe vocación de permanencia



na convivencia naquelas unidades convivenciais que leven empadroadas no mesmo domicilio máis dun ano de forma ininterrompida.

2.3.- Poderán ser beneficiarias as persoas ou unidades convivenciais que, tendo algún membro coa condición recoñecida de PMR, fosen recentemente desafuzadas ou se atopen en trámite de desafuzamento xudicial da súa vivenda habitual que cumpran os seguintes requisitos:

- a) que a vivenda habitual obxecto do desafuzamento estea situada dentro do termo municipal de Vigo*
- b) que o desafuzamento da vivenda habitual derive da falta de pagamento, por falta de recursos suficientes, de cotas do préstamo hipotecario, da renda arrendaticia ou cantidades asimiladas*
- c) que o lanzamento se efectuase con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2013 (inclusive), no caso de persoas ou unidades convivenciais xa desafuzadas*
- d) que ningún membro da unidade convivencial dispoña dunha vivenda habitable, ou dun dereito de uso sobre a mesma*
- e) que a totalidade dos membros da unidade convivencial se atopen empadroados en Vigo cunha antigüidade superior a 1 ano*
- f) que a unidade familiar ou convivencial teña uns ingresos ponderados iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM, e un patrimonio inmobiliario con valor catastral inferior a 30.000 euros, excluída en todo caso a vivenda embargada, de ser o caso*

2.4.- Terán preferencia as persoas, familias ou unidades convivenciais que, cumprindo os requisitos indicados no apartado anterior, se atopen en algunha das seguintes circunstancias:

- a) familias con fillos menores ao seu cargo*
- b) familias na que a totalidade dos seus membros se atopen en situación de desemprego*
- c) vítimas de violencia de xénero*

2.5.- Os ingresos ponderados da unidade convivencial calcularanse, aos efectos do presente procedemento, aplicando á suma dos ingresos en cómputo anual de todos os membros da unidade convivencial, aplicando os seguintes coeficientes multiplicadores:

| <i>Coeficiente N: nº membros da unidade</i> | <i>Coeficiente</i> |
|---------------------------------------------|--------------------|
| <i>Un</i> | <i>1,00</i> |
| <i>Dous</i> | <i>0,985</i> |
| <i>Tres</i> | <i>0,97</i> |
| <i>Catro</i> | <i>0,93</i> |
| <i>Cinco ou máis</i> | <i>0,88</i> |



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

EXPEDIENTE : 1780/433

ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE ALOXAMENTO TRANSITORIO DE DÚAS VIVENDAS MUNICIPAIS ADAPTADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA PERMANENTE.

| | |
|--------------------------------------------------------|-------------|
| <i>Coficiente A:</i> | |
| <i>Unidades con ingresos de 2 perceptores:</i> | <i>0,95</i> |
| <i>Unidades con ingresos de 3 ou máis perceptores:</i> | <i>0,90</i> |

3.- Duración do préstamo de uso

3.1.- O préstamo de uso terá unha duración máxima de 24 meses naturais, contados dende a día da entrega das chaves.

De forma excepcional, previo informe dos servizos sociais, poderá prorrogarse o préstamo de uso por unha soa vez durante 6 meses adicionais, de manterse os requisitos tidos en conta para a adxudicación.

3.2.- No día de finalización do préstamo de uso, os comodatarios deberán entregar as chaves nas dependencias municipais, deixando a vivenda libre e expedita sen máis menoscabo que o desgaste producido polo uso normal da vivenda.

4.- Obrigas dos adxudicatarios

4.1.- Os adxudicatarios virán obrigados á entrega á Xerencia Municipal de Urbanismo, co tratamento de depósito sen xuros, de 50,00 euros mensuais en concepto de garantía, que responderán do cumprimento das obrigas do comodatario. As cantidades entregadas en tal concepto serán imputadas a unha conta non orzamentaria de natureza debedora.

A contía acumulada no momento da finalización do préstamo de uso será destinada ao pagamento dos recibos pendentes no momento de abandono da vivenda e/ou á reparación dos danos que excedan do desgaste polo uso normal da vivenda, se os houbese. O saldo resultante, no seu caso, será restituído ao comodatario no prazo máximo dun mes dende a devolución das chaves.

As cantidades entregadas en concepto de garantía non operan como límite da responsabilidade do comodatario, que en todo caso deberá responder puntualmente de todos os pagamentos de vencemento periódico que sexan do seu cargo e do adecuado uso e mantemento da vivenda.

4.2.- Os comodatarios deberán utilizar a vivenda consonte ao seu destino, estando prohibido expresamente o desenvolvemento na mesma de actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas. En todo caso, deberán respectar as normas internas de convivencia que se diten no seo da Comunidade de Propietarios, ou no seu defecto as derivadas do uso e costume do lugar.

O mantemento ordinario das vivendas será de conta dos comodatarios, que asumirán o pagamento dos gastos ordinarios de comunidade, así como os gastos pola subministración e consumos de



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

EXPEDIENTE : 1780/433

ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE ALOXAMENTO TRANSITORIO DE DÚAS VIVENDAS MUNICIPAIS ADAPTADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA PERMANENTE.

enerxía eléctrica, auga corrente, auga quente sanitaria e calefacción, así como calquera outro servizo con que conte a vivenda.

4.3.- Os comodatarios están obrigados a comunicar ao Concello de Vigo a variación da súa situación económica e do número ou condición dos membros da súa unidade convivencial, así como as incorporacións que se produzan no patrimonio de calquera dos seus membros, en particular tocante á adquisición de vivendas susceptibles de ser habitadas.

4.4.- O comodatario e os membros da súa unidade convivencial deberán empadroarse na vivenda prestada, e manterse empadroados na mesma durante toda a duración do préstamo de uso.

No caso de que algún dos membros da unidade convivencial se empadroe noutra localidade, ou se inscriba no padrón de españois residentes no estranxeiro (PERE), deberán comunicar tal circunstancia consonte a obriga de prestación de información continuada contemplada no art. 4.3, e será considerado para os efectos do presente procedemento como baixa ou abandono unidade convivencial.

As persoas que abandonen a vivenda prestada deixarán de formar parte da unidade convivencial, con efectos para o cálculo dos ingresos ponderados consonte o disposto no art. 2.3.f.

5.- Vencemento anticipado do préstamo de uso

5.1.- Será causa de vencemento anticipado do préstamo de uso o incumprimento polo comodatario de calquera das obrigas contempladas nestas Bases, previa instrución dun procedemento administrativo contraditorio para a resolución do comodato.

No caso de que o incumprimento das obrigas sexa cualificado como culpable, xa sexa pola concorrencia de dolo ou negligencia grave do comodatario ou dos membros da súa unidade convivencial, procederase á incautación das contías periódicas entregadas en concepto de garantía.

Todo elo sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por causa ou como consecuencia do incumprimento do que se trate, en particular do custe dos danos e prexuízos causados na vivenda prestada, nos seus accesorios, ou nos elementos comúns do inmovible.

5.2.- En todo caso, o préstamo de uso vencerá anticipadamente se o comodatario ou a súa unidade convivencial deixasen de cumprir de forma sobrevida algunha das condicións indicadas nas letras d), i f) do art. 2.3, así como a condición de PMR dalgún dos membros da unidade convivencial.

5.3.- O incumprimento será cualificado sempre como culpable cando concorra calquera dos seguintes supostos:



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

EXPEDIENTE : 1780/433

ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN EN RÉXIME DE ALOXAMENTO TRANSITORIO DE DÚAS VIVENDAS MUNICIPAIS ADAPTADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA PERMANENTE.

- a) *omisión da obriga de prestación de información continuada contemplada no art. 4.3, cando os datos omitidos fosen determinantes do vencemento anticipado do préstamo de uso e resolución do comodato*
- b) *comisión de falsidade nos datos achegados polos adxudicatarios*
- c) *falta de devolución das chaves no momento que corresponda consonte as regras indicadas nas Bases, ou na data sinalada na resolución administrativa emitida para o efecto*
- d) *realización no inmovible de actividades molestas, insalubres, perigosas ou ilícitas, ou que causen perturbacións graves na convivencia co resto de ocupantes do inmovible*
- e) *realización de danos na vivenda, nos seus accesorios ou nos elementos comúns do inmovible, salvo que se proceda á súa reparación sen que medie requirimento por parte do Concello de Vigo ou a Comunidade de Propietarios*

5.4.- No caso de vencemento anticipado, os comodatarios deberán abandonar a vivenda no prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte a aquel en que se reciba a notificación do acordo de resolución do comodato, salvo que concorran circunstancias especiais, que serán tidas en conta na resolución, en que poderá indicarse un prazo superior ou inferior.

Durante o período de desaloxo os comodatarios non virán obrigados á entrega ao Concello de Vigo da contía da garantía periódica, pero si deberán sufragar todos os gastos que consonte as Bases sexan de conta dos comodatarios.

6.- Presentación de solicitudes

6.1.- As persoas ou unidades convivenciais que se atopen nas circunstancias ás que se pretende dar cobertura por medio do presente procedemento, que cumpran os requisitos indicados no art. 2, poderán presentar as súas solicitudes no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo no prazo dun mes dende que se produza a apertura da convocatoria.

A presentación da solicitude supón a aceptación íntegra e sen reparo das presentes bases, e non presupón o recoñecemento por parte do Concello de Vigo de ningún dereito ou situación das alegadas polos interesados, nin determina por si mesma a adxudicación dunha vivenda ao solicitante.

6.2.- As solicitudes deberán cumprir os requisitos xerais indicados no art. 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, e sen prexuízo da posta a disposición dos interesados dun modelo normalizado, deberán achegar a seguinte documentación, xa sexan os orixinais, certificacións ou copias compulsadas:

- a) *DNI de todos os membros da unidade familiar ou convivencial, ou libro de familia no caso de menores de 14 anos*